



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE IGUALDAD

# INFORMACIÓN E AVALIACIÓN DO FORMULARIO DO AUTODIAGNÓSTICO

DISTINTIVO POLA IGUALDADE DE XÉNERO

NORMA SG CITY 50-50

ENTIDADE CERTIFICADORA: ASOCIACIÓN FORGENDER SEAL

Co apoio de:

FOR  
GENDER  
S E A L

A asociación FORGENDER SEAL dálles soporte aos obxectivos de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas

Contido

## **I INFORMACIÓN**

2

Introdución

2

Proceso de certificación para a obtención do Distintivo

2

## **II FORMULARIO DO AUTODIAGNÓSTICO**

2

Requisitos do formulario

3

**Requisitos operativos – tramo 1**

3

**Requisitos operativos – tramo 2**

4

**Requisitos operativos – tramo 3**

5

**Requisitos normativos**

5

Cráterios

6

## **III AVALIACIÓN DO FORMULARIO DE AUTODIAGNÓSTICO**

7

Prazo de presentación

7

Informes de avaliación

7

## **IV PUNTUACIÓN**

9

Avaliación dos criterios: fortalezas e recomendacións

9

Avaliación dos criterios: advertencias

11

## I INFORMACIÓN

### Introdución

A Norma SG CITY 50-50© é a primeira certificación de ámbito internacional que permite implantar **un sistema de xestión para avaliar e certificar o compromiso dos gobernos municipais a favor da igualdade de xénero**. Ademais, a Norma impulsa, promove e pon a disposición dos municipios ferramentas que favorecen a integración da perspectiva de xénero nas políticas e actuacións da administración local.

A Norma, elaborada pola **Asociación Forgender Seal**, **deseñouse** de acordo coas competencias municipais, a normativa nacional e os mandatos e tratados internacionais relativos aos dereitos humanos das mulleres, o desenvolvemento humano, as cidades e o cambio climático.

Por medio dun proceso de certificación, o municipio obterá o **Distintivo pola Igualdade de Xénero**. Trátase do primeiro selo de certificación que reconece e motiva os esforzos dos gobernos locais para mellorar a súa eficacia, eficiencia e calidade na posta en funcionamento da transversalidade da perspectiva de xénero na gobernación municipal.

Ao obter o Distintivo, o municipio convértese nun actor con compromiso político e estratéxico a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes; ademais, participa nun proceso de mellora continua, un avance constante e progresivo cara á igualdade a través dos compromisos que propón a Norma e que o municipio escolle e acepta.

### Proceso de certificación para a obtención do Distintivo

O proceso de certificación para a obtención do Distintivo contén dúas partes fundamentais: a elaboración do Autodiagnóstico (AD) e a elaboración do Plan de Compromiso (PC). O primeiro (AD) serve para coñecer de que políticas, plans e actuacións dispón o municipio a favor da igualdade de xénero, e o segundo (PC) determina cales serán os compromisos do goberno municipal para impulsar e promover políticas, plans e actuacións a favor da igualdade de xénero nos próximos dous anos.

A asociación FORGENDER SEAL é a entidade certificadora que lle facilita ao goberno local un número de usuario que lle permite acceder á súa intranet, desde onde pode descargarse o **Formulario do Autodiagnóstico**. A intranet será o espazo onde quedarán gardados os documentos durante o proceso de certificación.

## II FORMULARIO DO AUTODIAGNÓSTICO

O formulario do Autodiagnóstico propónse como metodoloxía para situar en que posición de liderado a favor da igualdade de xénero se encontra a acción de goberno do municipio. Ao

mesmo tempo, o formulario reconece cales foron e cales son as políticas, plans e actuacións municipais a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A avaliación do formulario acreditará como avanza o municipio en pro da igualdade de xénero, se dispón, en primeiro lugar, de liderado e vontade política; en segundo lugar, se o goberno municipal priorizou no seu programa de goberno as políticas a favor dos dereitos das mulleres e, en terceiro lugar, se se aplicaron estratexias metodolóxicas para incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas e actuacións municipais.

O formulario adecúase ao alcance poboacional dos municipios, establecéronse diferentes tramos en función da poboación e das súas capacidades e recursos.

## Requisitos do formulario

**OS REQUISITOS** son aquelas condicións necesarias para poder pasar satisfactoriamente o proceso de certificación. Existen dous tipos de requisitos, **os operativos e os normativos**.

Os **requisitos operativos** son instrumentos que facilitan o proceso de certificación. En concreto, son dous: 1) existencia ou creación dunha comisión de igualdade e, 2) a comunicación pública de que o goberno iniciou o proceso de certificación.

Os **requisitos normativos** son instrumentos vinculados á elaboración de plans e políticas estratéxicas da acción do goberno municipal. Estes últimos só serán considerados como requisitos se o ordenamento xurídico do territorio así o establece.

O goberno local pode dilatar o seu cumprimento ata a avaliación do Plan de Compromisos, ben porque se elaboraron os plans ou programas esixidos, ou ben porque se establecen como accións obrigatorias no Plan de Compromisos. A obtención do Distintivo quedará pendente de como se resolven os requisitos normativos.

## Requisitos operativos - tramo 1

### Requisito operativo nº 1 - TRAMO 1

**O goberno municipal dispón dunha Comisión de Igualdade encargada do proceso de certificación da Norma SG CITY 50-50.**

A Comisión está formada por:

- a) dúas concellarías ou máis do goberno municipal, das cales unha ten voto na xunta de goberno,
- b) por unha persoa do equipo técnico ou asesor externo que vele pola transversalidade do enfoque de xénero e,
- c) pola representación dunha ou máis asociacións de mulleres e feministas. A dirección técnica e a representación de asociacións poden ser doutros ámbitos sociais e/ou do ámbito supramunicipal.
- d) A Comisión nomeou, entre os seus membros políticos, unha persoa responsable do procedemento de certificación.

### FONTES DE VERIFICACIÓN

1. Acta da comisión:
  - a) Lista de nomes e cargos dos membros da comisión.
  - b) Lista dos nomes das asociacións participantes.

- c) Nome e cargo da persoa responsable do proceso de certificación.  
d) En caso de non participar ningunha asociación de mulleres e feministas, é necesario acreditar que foron convidadas (correo electrónico ou carta). No caso de non existir ningunha asociación de mulleres ou feminista, deberase evidenciar (acta) que o municipio non ten ningunha asociación.

### Requisito operativo nº 2 - TRAMO 1

**O goberno municipal comunicoulle á cidadanía polas súas canles habituais que iniciou o proceso de certificación.**

#### FONTES DE VERIFICACIÓN

Listaxe das canles utilizadas. Se o municipio dispón de portal web, debe comunicarse por esta canle.

## Requisitos operativos – tramo 2

### Requisito operativo nº 1 - TRAMO 2

**O goberno municipal dispón dunha Comisión de Igualdade encargada do proceso de certificación da Norma SG CITY 50-50.**

A Comisión está formada por:

- a) tres concellarías ou máis do goberno municipal, das cales unha ten voto na xunta de goberno,
- b) por unha persoa do equipo técnico ou asesor externo que vele pola transversalidade do enfoque de xénero e,
- c) pola representación dunha ou máis asociacións de mulleres e feministas. A dirección técnica e a representación de asociacións poden ser doutros ámbitos sociais e/ou do ámbito supramunicipal.
- d) A Comisión nomeou, entre os seus membros políticos, unha persoa responsable do procedemento de certificación.

#### FONTES DE VERIFICACIÓN

1. Acta da comisión:

- a) Lista de nomes e cargos dos membros da comisión
- b) Lista dos nomes das asociacións participantes
- c) Nome e cargo da persoa responsable do proceso de certificación
- d) En caso de non participar ningunha asociación de mulleres e feministas, é necesario acreditar que foron convidadas (correo electrónico ou carta). No caso de non existir ningunha asociación de mulleres ou feminista, deberase evidenciar (acta) que o municipio non ten ningunha asociación.

### Requisito operativo nº 2 - TRAMO 2

**O goberno municipal comunicoulle á cidadanía polas súas canles habituais que iniciou o proceso de certificación.**

#### FONTES DE VERIFICACIÓN

Listaxe das canles utilizadas. Se o municipio dispón de portal web, debe comunicarse por esta canle.

### Requisitos operativos - tramo 3

#### Requisito operativo nº 1 - TRAMO 3

**O goberno municipal dispón dunha Comisión de Igualdade encargada do proceso de certificación da Norma SG CITY 50-50.**

A Comisión de Igualdade está formada por:

- cinco concellarías ou máis do goberno municipal, das cales dúas teñen voto na xunta de goberno,
- por unha persoa do equipo técnico ou asesor externo que vele pola transversalidade do enfoque de xénero e,
- pola representación de dúas ou máis asociacións de mulleres e feministas.
- A Comisión nomeou, entre os seus membros políticos, unha persoa responsable do procedemento de certificación.

A dirección técnica e a representación de asociacións poden ser doutros ámbitos sociais do municipio.

#### FONTES DE VERIFICACIÓN

1. Acta da comisión:

- Lista de nomes e cargos dos membros da comisión
- Lista dos nomes das asociacións participantes
- Nome e cargo da persoa responsable do proceso de certificación
- En caso de non participar ningunha asociación de mulleres e feministas, é necesario acreditar que foron convidadas (correo electrónico ou carta). No caso de non existir ningunha asociación de mulleres ou feminista, deberase evidenciar (acta) que o municipio non ten ningunha asociación.

#### Requisito operativo nº 2 - TRAMO 3

**O goberno municipal comunicoulle á cidadanía polas súas canles habituais que iniciou o proceso de certificación.**

#### FONTES DE VERIFICACIÓN

Listaxe das canles utilizadas. Se o municipio dispón de portal web, debe comunicarse por esta canle.

### Requisitos normativos

Os requisitos normativos son iguais para os tres tramos.

Nº 1	<b>O goberno local ten a obriga normativa de dispor dun Plan de Políticas de Igualdade de xénero.</b>
<b>FONTE DE VERIFICACIÓN</b>	Enlace da web do concello onde se encontra subido o instrumento político correspondente.  Se o concello non dispón do Plan, pero ten a obriga normativa, pasará a ser unha acción que cumprirá realizar no plan de compromisos.
Nº 2	<b>O goberno local ten a obriga normativa de dispor dun Plan de Igualdade de mulleres e homes do Sector Público.</b>

<b>FONTE DE VERIFICACIÓN</b>	<p>Enlace da web do concello onde se encontra subido o instrumento político correspondente.</p> <p>Se o concello non dispón do Plan, pero ten a obriga normativa, pasará a ser unha acción que cumprirá realizar no plan de compromisos.</p>
<b>Nº 3</b>	<b>O municipio ten a obriga normativa de dispor dun Plan de Actuación Municipal en materia de Servizos Sociais.</b>
<b>FONTE DE VERIFICACIÓN</b>	<p>Enlace da web do concello onde se encontra subido o instrumento político correspondente.</p> <p>Se o concello non dispón do Plan, pero ten a obriga normativa, pasará a ser unha acción que cumprirá realizar no plan de compromisos.</p>

## Criteria

**OS CRITERIOS** son preguntas con indicadores que axudan a esclarecer de que forma o goberno local aplica e desenvolve as políticas de igualdade e incorpora a perspectiva de xénero de maneira transversal en todas as políticas municipais. O goberno local debe responder SI ou NON aos indicadores dos criterios presentados. Os indicadores non son obxecto de verificación.

Os criterios organízanse en tres áreas temáticas de xestión, que corresponden ás principais liñas de traballo para conseguir a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Cada área divídese en bloques. A continuación, encóntrase o detalle:

### Área 1 - Liderado, xestión interna e capacidades

- 1 Estratexia, estrutura, mecanismos de funcionamento e toma de decisións
- 2 Planificación, seguimento e avaliación
- 3 Deseño, xestión e avaliación do orzamento municipal
- 4 Formación e capacitación do equipo de goberno
- 5 Políticas de xestión interna, protocolos e procedementos de xestión de persoas
- 6 Políticas e procesos de comunicación e participación interna
- 7 Relacións con terceiros

### Área 2 - Promoción dos dereitos das mulleres

- 1 Participación política e social
- 2 Desenvolvemento profesional, ocupación e liderado empresarial
- 3 Promoción e recoñecemento da formación e a capacitación
- 4 Políticas de medio ambiente, urbanismo, vivenda e mobilidade, e promoción da conciliación da vida familiar, persoal e laboral
- 5 Promoción e facilitación da saúde e dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres
- 6 Visibilidade e representación das mulleres na vida pública e nos medios de comunicación
- 7 Cooperación para o desenvolvemento

### Área 3 - Promoción dunha contorna libre de violencias e discriminacións

- 1 Transformación de roles e estereotipos sociais
- 2 Prevención, atención e solucións contra a violencia machista e desenvolvemento dunha contorna segura

### III AVALIACIÓN DO FORMULARIO DE AUTODIAGNÓSTICO

#### Prazo de presentación

O goberno local dispón de dous meses para presentar o formulario de Autodiagnóstico e a documentación solicitada como fonte de verificación para avaliar os requisitos.

**Documentación que cómpre presentar:** o formulario cuberto e as fontes de verificación solicitadas para avaliar os requisitos.

A plataforma do Distintivo dispón dunha carpeta chamada “Documentación” onde a persoa responsable da certificación deberá subir os documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos solicitados. Tamén, aínda que de maneira excepcional, poden mandárselle por correo electrónico á persoa designada pola asociación Forgender Seal.

#### Informes de avaliación

A avaliación ten dous documentos básicos:

##### 1.- Informe de avaliación

##### 2.- Anexo da avaliación

O primeiro documento, o **informe de avaliación** dispón de:

- 1 Comprobación dos requisitos operativos: comisión de igualdade e comunicación á cidadanía que se iniciou o proceso de certificación.
- 2 Comprobación, se é o caso, dos requisitos normativos.
- 3 Puntuación obtida a partir das respostas dadas.

O segundo documento, o **anexo da avaliación**, detalla as accións recomendadas do Plan de Compromisos e as advertencias en coherencia cos criterios do formulario a partir das respostas dadas polo goberno local.

A petición do goberno local, pode proporcionarse un borrador do Plan de Compromisos coas accións marcadas en coherencia co informe e co anexo elaborado.



## IV PUNTUACIÓN

### Avaliación dos criterios: Fortalezas e recomendacións

Tanto as fortalezas como as recomendacións xorden da análise cuantitativa e cualitativa dos indicadores e son o resultado das puntuacións obtidas dos criterios.

Conceptualmente, **as fortalezas** son as actuacións que o municipio está a levar a cabo para incorporar a perspectiva de xénero nas súas políticas municipais, e que demostran a alta implicación política da administración local para impulsar e promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes. En cambio, **as recomendacións** son orientacións que se lle dan ao municipio para elaborar o Plan de Compromisos, deste xeito, dispónse de pautas que poden axudar a incorporar a perspectiva de xénero en determinadas políticas e actuacións municipais nas que se detectou certa debilidade na transversalidade da perspectiva de xénero.

Cada criterio ten desenvolvido un número de indicadores e, en función do número de respostas positivas aos indicadores propostos, establécese unha puntuación determinada. Cada criterio recibirá unha avaliación en función da puntuación obtida.

Propóñense 4 puntuacións:

- **Puntuación A.** O municipio responde afirmativamente a todos ou todos menos un dos indicadores propostos no criterio. Supón 2 puntos por criterio.
- **Puntuación B.** O municipio responde afirmativamente á metade dos indicadores propostos ou, no suposto de que o número de indicadores sexa impar, terá que cumprir co número enteiro superior á metade dos indicadores propostos polo criterio. Supón 1,5 puntos por criterio.
- **Puntuación C.** O municipio responde afirmativamente a un dos indicadores propostos no criterio. Supón 0,5 puntos por criterio.
- **Puntuación D.** O municipio non respondeu afirmativamente a ningún indicador. Supón 0 puntos por criterio.

No suposto de que o criterio só dispoña de 1 ou 2 indicadores, valorarase como PUNTUACIÓN A ou D. A puntuación B e C non corresponderá.

**Considéranse fortalezas:**

- cando a puntuación de cada criterio é A ou B,
- cando a puntuación que logran cada un dos tres bloques alcanza como mínimo o 60% da puntuación máxima posible por bloque (especificamente para os bloques 2, 3 e 4 da área 2);
- cando os puntos logrados estean por encima do 60% da puntuación máxima (respecto ás tres áreas).

**Cada fortaleza obtida por criterio supón 5 puntos** para a avaliación do Plan de Compromisos. Pola súa parte, **as fortalezas das áreas ou dos bloques** mencionados, **supoñen 25 puntos** por cada un.

**Os puntos obtidos coas fortalezas sumaranse aos puntos obtidos no Plan de Compromisos.**

<b>CRITERIOS</b>	Cando a puntuación obtida sexa A ou B
<b>BLOQUES</b>	Os bloques por si mesmos non indicarán ningunha fortaleza, a excepción dos bloques 2, 3 e 4 da área 2. Nestes casos pasarán a ser fortalezas se a súa puntuación chega ao 60% do máximo posible. Polo tanto, cada criterio, debe converterse en puntos e a suma de todos os puntos posibles é o que marca se debe ser unha fortaleza ou non.
<b>ÁREAS</b>	Cando os puntos alcanzados estean por encima do 60% da puntuación máxima.

No informe de avaliación do autodiagnóstico, o municipio ten identificados os criterios do formulario do autodiagnóstico que se consideraron fortalezas e que o axudarán a obter a puntuación requirida no Plan de Compromisos para obter o distintivo.

<p><b>N.º de CRITERIOS con fortalezas x 5 = total de puntos.</b></p> <p><b>Nº de ÁREAS ou BLOQUES con fortalezas x 25 = total de puntos.<sup>1</sup></b></p>
--

**Considéranse recomendacións:**

- cando a puntuación obtida en cada criterio é C ou D,
- cando a puntuación que logra cada un dos tres bloques está por debaixo do 60% da puntuación máxima posible (no caso dos bloques 2, 3 e 4 da área 2);
- cando os puntos logrados estean por debaixo do 60% da puntuación máxima (en relación coas tres áreas).

Polo tanto, cada criterio ten que se converter en puntos. Pola súa banda, no caso dos bloques específicos mencionados e das áreas, a suma de todos os puntos posibles por bloque ou área é o que marca se ten que ser unha recomendación ou non.

<b>CRITERIOS</b>	Cando a puntuación obtida sexa C ou D.
------------------	--

<sup>1</sup> Estes puntos valoraranse para chegar ao nivel mínimo para obter o Distintivo.

<b>BLOQUES</b>	Os bloques por si mesmos non indicarán ningunha recomendación, a excepción dos bloques 2, 3 e 4 da área 2. Nestes casos pasarán a ser recomendacións se a súa puntuación non chega ao 60% do máximo posible. Polo tanto, cada criterio debe converterse en puntos e a suma de todos os puntos posibles é o que marca se debe ser unha recomendación ou non.
<b>ÁREAS</b>	Cando os puntos alcanzados estean por debaixo do 60% da puntuación máxima.

**O municipio poderá ter en conta as recomendacións, pero non son de obrigado cumprimento.**

Non obstante, por cada recomendación que o municipio aplique no Plan de Compromisos, obterá 5 puntos. No caso dos bloques mencionados e das áreas, obtense 25 puntos por cada un.

No informe de avaliación do Autodiagnóstico, o municipio ten identificados os criterios do formulario do Autodiagnóstico que se converteron en accións recomendadas do Plan de Compromisos. Nalgúns casos pode haber máis dunha acción recomendada por criterio. Só asumindo unha acción recomendada por criterio, o municipio xa obtería os 5 puntos. E se se asumen as accións recomendadas por área ou por bloque sumaranse 25 puntos por cada unha das áreas ou bloques.

<p><b>N.º de CRITERIOS con recomendacións asumidas x 5= total de puntos.</b></p> <p><b>Nº de ÁREAS OU BLOQUES con recomendacións asumidas x 25=total de puntos.<sup>2</sup></b></p>
---

### **Avaliación dos criterios: Advertencias**

As **advertencias** extráense da avaliación exclusivamente cualitativa dos indicadores que se propoñen en cada un dos criterios.

Este apartado da avaliación ten en conta aspectos cualitativos transversais do formulario de Autodiagnóstico, dado que hai criterios que teñen un alto valor estratéxico para o desenvolvemento do sistema de xestión con perspectiva de xénero.

As advertencias deben ser consideradas polo municipio no momento de elaborar o Plan de Compromisos. Por cada advertencia que o municipio non teña en conta restaranse 5 puntos da súa puntuación final.

No informe de avaliación do Autodiagnóstico quedarán reflectidas, se as houberse, as advertencias identificadas. Cada advertencia terá unha ou máis accións recomendadas do Plan de Compromisos. Para evitar que se resten puntos deberán asumirse a totalidade das accións recomendadas en cada advertencia, o municipio poderá escoller o nivel da acción.

**Variables estratéxicas:**

---

<sup>2</sup> Estes puntos valoraranse para chegar ao nivel mínimo para obter o Distintivo.

- 1.3.1.1.1.1 **Desenvolvemento de capacidades internas:** desenvolvemento estratéxico e procedemental do municipio, de maneira que favoreza a sostibilidade do sistema e garanta a integración no funcionamento do municipio.
- 1.3.1.1.1.2 **Formación de cargos electos e sectores clave do municipio:** planificación de accións formativas en sectores clave do municipio, tanto a nivel interno (por exemplo, cargos electos ou persoal de servizo encargado da xestión de persoas), como externo (por exemplo, persoal vinculado á violencia machista ou á prestación de servizos sociais).
- 1.3.1.1.1.3 **Acción coordinada con outras administracións e niveis territoriais en áreas relacionadas coa violencia machista:** Vínculos de coordinación con outras instancias administrativas, así como dotarse dos recursos básicos necesarios e estipulados pola lexislación vixente para facer fronte á violencia machista.
- 1.3.1.1.1.4 **Coñecemento do territorio:** Identifica o grao de coñecemento que o municipio ten das necesidades do territorio. Son os indicadores relacionados coa existencia de estudos, diagnósticos ou análise da realidade que permiten ofrecer información con datos concretos e desagregados sobre as necesidades das mulleres do municipio. O municipio desenvolverá o seu coñecemento do territorio a niveis moi exhaustivos e utilizando ferramentas como a análise de xénero ou a medida do impacto que permite visibilizar quen e de que xeito se ve afectado polas políticas municipais.
- 1.3.1.1.1.5 **Dotación orzamentaria para dar apoio ás iniciativas impulsadas polo municipio.** Outro aspecto da metodoloxía que cobra especial importancia no Plan de Compromisos é o orzamento. Por iso, moitos dos criterios e accións que presenta o formulario promoven un compromiso orzamentario concreto e firme coas accións seleccionadas.
- 1.3.1.1.1.6 **Participación:** accións orientadas ao fortalecemento e participación das organizacións de mulleres.
- 1.3.1.1.1.7 **Accións orientadas a promover a autonomía e o apoderamento das mulleres.** Indicadores relacionados coa promoción da ocupación feminina, a formación, as medidas de acción positiva ou incentivos para empresas e institucións.
- 1.3.1.1.1.8 **Interseccionalidades.** Accións dirixidas a mulleres que sofren opresión sobre a base da súa pertenza a múltiples categorías sociais.
- 1.3.1.1.1.9 **Compromiso na loita contra os estereotipos.** Medidas e accións encamiñadas a emendar este aspecto.

A puntuación das advertencias dependerá dos indicadores asociados a cada variable. Prodúcese unha advertencia cando o municipio non chega ao 50% dos indicadores propostos. En caso de que o número de indicadores sexa impar, deberá cumprirse co número enteiro superior á metade dos indicadores propostos para o criterio.

A continuación, encóntrase a táboa das variables co número de indicadores asociados segundo o tramo onde se sitúe o municipio.

	<b>Tramo 3</b>	<b>Tramo 2</b>	<b>Tramo 1</b>
--	----------------	----------------	----------------

Variable		Número de indicadores					
1	Desenvolvemento de capacidades internas	13	7	11	6	8	4
2	Formación de cargos electos e sectores clave do municipio	7	4	3	2	2	1
3	Acción coordinada con outras administracións e niveis territoriais en áreas relacionadas coa violencia machista	6	3	5	3	4	2
4	Coñecemento do territorio	18	9	13	7	7	4
5	Orzamento	15	8	10	5	11	6
6	Participación	23	12	21	11	1	8
7	Accións encamiñadas a promover a autonomía e apoderamento das mulleres	18	9	13	7	9	5
8	Interseccionalidades	9	5	2	1	2	1
9	Loita contra os estereotipos	10	5	6	3	5	3

## Informe de Autodiagnóstico

2 MESES PARA A ENTIDADE AVALIADORA

### Avaliación de requisitos

Conformidade

Conformidade parcial

Sen conformidade

Avaliación de áreas, bloques e criterios \_\_\_\_\_ Puntuación A, B, C ou D

### Recomendacións

Cando unha área ten menos dun 60%

Cando os bloques 2, 3 e 4 da área 2 teñen menos dun 60%

Cando un criterio ten unha puntuación de C ou D

### Advertencias

Cando non alcanza o 50% dos indicadores dunha variable

### Fortalezas

Cando unha área ten máis dun 60%

Cando os bloques 2, 3 e 4 da área 2 teñen máis dun 60%

Cando un criterio ten unha puntuación de A ou B